

Edición en castellano

EDICIÓN IMPRESA: Diario en PDF | Hemeroteca



buscar

Periódico Web

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS LECER SERVIZOS CLASIFICADOS CANALES ED.
 A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración
 IMPRESA

LUGO

O atraso no PXOM entorpece a retirada de antenas de telefonía

O Concello sostén que as empresas presentaron alegacións, polo que non poden precintalas

O BNG denuncia que hai seis equipos de distintas operadoras con orde de clausura, pero áinda funcionando

Gadea G.Ubierna | 21/8/2008

Valoración

(2 votos)

O portavoz do BNG, Xosé Anxo Lage, denunciou onte que na capital hai seis antenas de telefonía móvil (tamén chamadas estaciones base) con orde de precinto e clausura, pero que seguen funcionando de «maneira ilegal pola desidia deste equipo de goberno». O portavoz do equipo de goberno, José Rábade, declarou onte que algunas destas antenas con orde de precinto non se clausuraron porque as «operadoras presentaron alegacións» e afirmou que esta cuestión se abordará cando se aprobe o PXOM».

En Lugo non hai unha ordenanza específica que regule a instalación de antenas, polo que é un problema que, agora mesmo, depende da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Así, o portavoz dos nacionalistas pediu á nova concelleira de Urbanismo, María Novo, «que poña solución, porque hai numerosos escritos de comunidades Veciñais pedindo que se cumpra a lei».

As seis antenas «ilegais», segundo o BNG, están situadas nas rúas Rei Don García, número 25; Bispo Aguirre, 10; Santiago, 76; Cidade de Vigo, 7; Miguel de Cervantes, 58; e Pomar, 3. Todas elas deberían estar inactivas para este momento e, nalgúns casos, o nacionalista asegura que hai sentenzas xudiciais ordenando clausúra e que non se cumpliron. é o caso das antenas de Bispo Aguirre ou Miguel de Cervantes, que o Concello podería pechar en maio de 2008, segundo os datos do BNG.

No resto dos casos hai outras ordes municipais firmes, que tampouco se cumplirón e que permiten ás operadoras seguir utilizando estas estacións. «As compañías de teléfono estanxe lucrando de xeito ilegal», salientou Lage.

Por este motivo, o BNG presentará un rogo no próximo pleno e o portavoz nacionalista adiantou, «e que non interprétese como unha chantaxe ou ameaza», que se a finais de setembro non se solucionou, «o BNG convocará a todos vos veciños para buscar a maneira de que se cumpra a lei».

Baleiro legal por cubrir

O xa ex concelleiro de Urbanismo, Francisco Fernández Liñares, declarou nalgúnha ocasión que, na redacción do novo plan de urbanismo xa se prevé regular a instalación destas antenas de telefonía móvil, que adoitan alarmar aos veciños dos bloques afectados polos riscos que, supонse, teñen para a saúde.

Na capital hai un baleiro legal neste ámbito posto que cando se aprobou o plan en vigor, en 1991, non existía os móbiles e, polo tanto, non se podía regular a instalación de antenas nos baixos e nos baixo cubertas.



A antena cóbrense para simular chemineas, como na rúa Pomar

| LAGO

Relacionados da noticia

Noticias + vistas | Vídeos | Álbumes

1. El cocodrilo que tiene en vilo al Reino Unido
2. Canarias, la aventura que no dejó nada
3. El desnudo más rentable de Sarah Palin
4. «Llevo un año con este fraude y aún no tengo ni los papeles del coche»
5. El cansancio europeo hace sufrir al Dépor

[Compartir](#)[¿Como compartir?](#)

ENLACES PATROCINADOS

1. Seguros de Coche con Clickseguros

Ahorra hasta un 65% en el seguro de tu coche. Servicio 24 horas / 365 días. Calcula tu cuota personalizada aquí!
www.clickseguros.es

2. Citroën es innovación.

Conoce sus precios increíbles y la tecnología del líder.
www.citroen.es

3. El seguro de tu coche ahora en Fénix Directo

Tu coche a Todo Riesgo desde 300€. Terceros desde 200€. Calcula aquí tu presupuesto online. Pásate a Fénix y pásalo.
www.fenixdirecto.com

[ADSL](#) [CREDITOS](#) [FOTOGRAFIA](#) [HIPOTECAS](#) [INFORMATICA](#) [MOTOR](#) [REGALOS](#) [VIAJES](#)

Webs do grupo [RadioVoz](#) [Voz Audiovisual](#) [Sondaxe](#) [Canalvoz](#) [Voz Natura](#) [Fundación](#) [Prensa Escola](#) [Escola de Medios](#)
Tarifas web [Consulta](#)

Contacte connosco webvoz@lavoz.es

[Aviso legal](#)[Política de privacidade](#)[Condicions xerais](#)[RSS](#)

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)

R.M. da Coruña: tomo 2438 do Arquivo, Sección Xeral, folio 114 vto., folla C-2141. CIF:

A-15000649.

Comercializa publicidade local:

Comercializa publicidade nacional: